

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE XULLO DE 2012**

### **LICENZAS**

#### **PARCELACIÓNS**

**LIC/1043/2012.- SANTIAGO SABEL NOYA.-** Parcelación no lugar de Bálsona, 30.(+)

**LIC/562/2012.- JOSE MARIA CARNOTA CUNQUEIRO.-** Parcelación na rúa de Lamas de Abade.(+)

**LIC/220/2012.- JOSE LUIS ANDRADE FERNANDEZ.-** Parcelación no lugar da Igrexa de Enfesta.(+)

**LIC/879/2012.- JOSE CAROLLO MUJICO.-** Parcelación no lugar de Formaris.(+)

#### **CADUCIDADES**

**LIC/150/2012.- CARMEN QUINTELA TRASMONTE.-** Caducidade do procedemento de licenza de obra para reposición de muro existente.

#### **OUTRAS**

**LIC/722/2012.- PEDRO BOTANA IGLESIAS.-** Corrección de erro.

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/1109/2012.- LAURA BELLO BOUZAS.-** ..... LIC/1759/2007 ... 3.000 €.-

**LIC/1371/2010.- MANUEL CASAS GENDRA** ..... LIC/2293/2001 ..... 1.731 €.-

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Obras e Infraestruturas relativa á aceptación das obras de ampliación da rede de abastecemento no lugar de Piñeiro, executadas pola Consellería de Medio Rural e do Mar.**

Acórdase a aceptación das obras e a comunicación á empresa Aquagest, como concesionaria do servizo, da incorporación desta ampliación á rede de abastecemento.

#### **5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Asociación de Voluntarios de Protección Civil e a Concellería de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego do Concello de Santiago de Compostela.**

Apróbase o devandito convenio de colaboración, que posibilitará que aqueles que infrinxiran a Ordenanza de Convivencia, Residuos e Limpeza Viaria realicen traballos sociais en beneficio da comunidade como pena substitutiva á sanción polo consumo de bebidas alcohólicas na vía pública por parte de menores. Farán labores de limpeza de camiños, prevención de xeadas, axuda a peregrinos e limpeza de vehículos e útiles tras a súa utilización. Estas tarefas realizaranse os fins de semana, en sábados e domingos alternos, en horario de 8:00 a 13:00 horas.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Persoal para dar conta da subvención outorgada polo Instituto Nacional de Administración Pública.**

Dáse conta da subvención outorgada polo INAP para a realización dun curso de formación por un importe de 7.192 €.

#### **7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á solicitude de subvención ao Ministerio de Educación e Cultura para a reurbanización da rúa Raxoi.**

Apróbase a devandita solicitude.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación de convenio entre o Concello e o Club Deportivo Fontiñas relativo á utilización e mantemento do rocódromo municipal ubicado no pavillón de Fontiñas.**

Apróbase o devandito convenio considerando que, sendo este club o de referencia na cidade na modalidade de escalada, é axeitado que teña preferencia no uso do mencionado equipamento deportivo.

**10.- Aboamento de gratificacións en concepto de servizos extraordinarios.**

Apróbase o pagamento das devanditas gratificacións.

**11.- Legado ao Concello de Santiago para obras sociais.**

Dáse conta do legado realizado por María del Carmen Gómez ao Concello de Santiago, por importe en efectivo 4.500 €, para que sexa destinado a obras sociais.

**12.- Proposta da concelleira de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego, relativa á modificación e ampliación do acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de data 18 de novembro de 2008, polo que se aprobou o Proxecto do Pacto Local polo Emprego.**

Modifícase o devandito acordo.

**URXENCIAS**

1.- Acórdase conceder o permiso de uso das instalacións dos campos de fútbol de San Lázaro e San Lázaro II para a temporada 2012-2013 á SD Compostela e ao Grixoa.

2.- Infórmase positivamente a solicitude da Asociación Provincial de Hostalería de ampliar nunha hora o horario de apertura dos locais de hostalería durante as festas do Apóstolo (15 a 31 de xullo) e de San Roque (14 a 19 de agosto).

3.- Acórdase a iniciación dos trámites para elaborar o Regulamento da Policía Local.